



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

MARTA VÁZQUEZ GAREA, SECRETARIA DO CONCELLO DA LARACHA (A CORUÑA).

CERTIFICO

Que na sesión ordinaria do 7 de febreiro de 2024 a Xunta de Goberno Local adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

2.- APROBACIÓN DO DOCUMENTO MARCO ESTRATÉXICO DO PROXECTO ALANAT

Dáse lectura á proposta de Alcaldía “aprobación do Documento Marco Estratéxico do Proxecto ALANAT”, que se transcribe no seu literal:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: aprobación do Documento Marco Estratéxico do Proxecto ALANAT

ALANAT (A Laracha Natural) pode definirse como unha iniciativa ou estratexia integral dedicada á conservación ambiental, á recuperación e valorización dos recursos naturais, e ao fomento da sensibilidade e participación ambiental no Concello de A Laracha.

É un proxecto multidimensional que busca harmonizar a relación entre a comunidade e o seu entorno natural, impulsando a sustentabilidade, a educación ambiental e o desenvolvemento económico sustentable. ALANAT representa un compromiso concreto cara a un futuro máis verde e sustentable, onde a conservación ambiental, a participación cidadá e o desenvolvemento económico sostible van da man para beneficio da Laracha e as súas xeracións futuras.

O propósito desta estratexia é desenvolver un marco de traballo que non só protexa e mellore a biodiversidade única da Laracha, senón que tamén fomente unha maior conexión e participación da comunidade coa sustentabilidade e crear un equilibrio harmonioso entre o desenvolvemento humano e a conservación da natureza, garantindo que as futuras xeracións poidan gozar e se beneficiar dun medio ambiente saudable e rico.

É dicir, ALANAT é unha estratexia de implicación da poboación cos valores ambientais do Concello da Laracha. Trátase de facer unha poboación coñecedora e orgullosa dos valores ambientais presentes no concello así como algunhas ideas de actuación para facilitar o uso e goce destes espazos.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Consta no expediente o Documento Marco Estratéxico do Proxecto, realizado por Fundación Galicia Sustentable.

Así, a efectos de dar validez a este documento, PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

PRIMEIRO: aprobar o Documento Marco Estratéxico do Proxecto ALANAT (A Laracha Natural).

SEGUNDO: publicar este documento na sede electrónica e páxina web municipal e trasladarlllo aos distintos departamentos municipais a efectos da súa implementación

TERCEIRO: trasladar este documento aos centros de ensino do concello da Laracha”

Sen intervencións, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL aproba por UNANIMIDADE dos membros presentes, o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: aprobar o Documento Marco Estratéxico do Proxecto ALANAT (A Laracha Natural).

SEGUNDO: publicar este documento na sede electrónica e páxina web municipal e trasladarlllo aos distintos departamentos municipais a efectos da súa implementación.

TERCEIRO: trasladar este documento aos centros de ensino do concello da Laracha.

O que certifico, na Laracha, á data da sinatura electrónica, co visto e praxe do Sr. Alcalde, José Manuel López Varela, a reserva dos termos definitivos en que queda redactada a acta.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es